



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CENTRO DE ESTUDIOS XURÍDICOS DO MINISTERIO DE XUSTIZA

Segundo establece a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza, que ten as funcións de organizar e realizar nas materias de seguridade en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, a través do asinamento dos oportunos convenios.

O Centro de Estudios Xurídicos (en adiante, CEJ) é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Xustiza que ten como función a colaboración co Ministerio de Xustiza na selección, formación e perfeccionamento dos membros do Ministerio Fiscal, Letrados da Administración de Xustiza, médicos forenses e o resto do persoal da Administración de Xustiza, así como a formación continua do Corpo de Avogados do Estado, como establece o Real Decreto 1276/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o seu Estatuto.

A Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da AGASP, entende a seguridade pública de xeito integral, incluíndo tanto a seguridade cidadá como a loita contra as ameazas de orixe non persoal a través da formación, prevención e coordinación entre todos os xestores implicados.

O papel do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal é esencial no desenvolvemento da xestión da seguridade pública, por iso é importante que a AGASP Inclúa dentro dos plans formativos a todos os xestores que a súa propia lei lle recoñece, a través, neste caso, do establecemento de convenios de colaboración cos organismos competentes.





De acordo cos principios de eficacia e descentralización da actuación administrativa, a AGASP pretende acercar a formación aos traballadores da Administración de Xustiza que traballan en Galicia, para evitar desprazamentos fora da Comunidade Autónoma e acadar así unha coordinación e colaboración efectiva entre todos os xestores da seguridade pública.

A tal fin, a AGASP acorda co CEJ, a subscrición dun convenio marco de colaboración para a mutua cooperación na realización de actividades formativas no eido da seguridade dos fiscais, letrados da Administración de Xustiza e avogados do Estado que traballan en Galicia.

A sinatura deste convenio marco non supón custe para o presuposto da AGASP.

Así, en base o anteriormente mencionado e tendo en conta o exixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, non é posible a concorrencia pública polas especiais características das actividades a desenvolver e dos organismos asinantes.

Non obstante, ao efecto de proceder a sinatura do correspondente convenio de colaboración, e con carácter previo solicítase informe da Asesoría Xurídica, segundo o disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A estrada, 18 de xullo de 2016

O secretario xeral da AGASP

Ramón Quiroga Limia

